

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29 DE AGOSTO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00039968W.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 22 de agosto de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00058487X.

Aceptar cesion de viario e licenza para parcelacion na Rúa Cañoteira.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 29/12/2021 outorgada ante Notario co número de protocolo tres mil oitocentos dez. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de segregación presentado na data 22/12/2021 e a documentación presentada o 31/01/2022, o 21/02/2022 e o 18/04/2022, a parcelación na Rúa da Cañoteira Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado.

PARCELA RESULTADO A. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 1.253,00m²s

PARCELA RESULTADO B. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 1.253,00m²s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Terceiro: Declarar a innecesariedade de parcelación entre as PARCELA RESULTADO A e PARCELA RESULTADO B, coa PARCELA RESULTADO C

PARCELA RESULTADO C. Clasificado Solo Urbanizable delimitado SUD-6 sen desenvolvemento. Superficie Neta 6.377,00m²s

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00058624D.

Aceptar cesion de viario e licenza de parcelación na Rúa do Tambre.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 29/12/2021 outorgada ante Notario, co número de protocolo tres mil oitocentos dez. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de segregación presentado 22/12/2021 e a documentación presentada o 31/01/2022 e o 23/02/2022, para a parcelación na Rúa do Tambre, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes PARCELAS DE RESULTADO

PARCELA RESULTADO A. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 653,00m²s

PARCELA RESULTADO B. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 653,00m²s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Terceiro: Declarar a innecesariedade de parcelación entre as PARCELA RESULTADO A e PARCELA RESULTADO B, coa PARCELA RESULTADO C

PARCELA RESULTADO C. Clasificado Solo Urbanizable delimitado SUD-6 sen desenvolvemento. Superficie Neta 3.341,00m²s

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00049398Y.

Aceptar cesión de viario e licenza de segregación de parcela en Lg O Sixto, 87.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 20/05/2022 outorgada ante Notario co número de protocolo seiscentos oitenta e oito. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 10/04/2022 e a documentación presentada o 14/06/2022, segregación de parcela situada na Lg de O Sixto nº87 Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado.

PARCELA RESULTADO MATRIZ RESULTANTE 160-A. Superficie Neta 1.252,00m. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado, Calificado como Ordenanza 14 de extensión de Núcleo Rural. Finca al sitio de Agra do Carreiro, Concello de Santiago de Compostela

PARCELA RESULTADO FINCA MATRIZ 160. Superficie Neta 2.872,00m. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado, Calificado como Ordenanza 14 de extensión de Núcleo Rural.

Cesión 194,00+28,00= 222,00m²s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00015716L.

Licenza para realizar o movemento de terras en Gosende, 2.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 10/04/2021 e a documentación técnica presentada o 28/02/2022 e o 29/07/2022, o movemento de terras en Gosende 2 Santiago de Compostela (A Coruña) Parcela con Referencia Catastral 000500600NH45E0001AP , cun orzamento de execución material de 1.452,45 €.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00013918B.

Licenza para a construción dunha piscina no LG Xesteira, 7B.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 17/03/2022 e a documentación presentada o 28/04/2022, 10/05/2022 e o 08/07/2022, a construción dunha piscina no Lg Xesteira 7B Santiago de Compostela (A Coruña),) cun orzamento de execución material de 6.542,77 €.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: Corrección erros validación omisión función interventora S/2022/153.

Corrección de erros validación omisión función interventora relación contable de facturas S/2022/153

Acórdase:

Primeiro.- Na proposta de resolución asinada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, sobre validación de omisión da función interventora S/2022/1523

ONDE DI:

“ANTECEDENTES

1.- (...)

2.- *Relación contable de facturas S/2022/135 expedidas por varias empresas por un importe total de TRECE MIL SEISCENTOS DOCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (13.612,03 €), que comeza pola núm. F/2022/120716 por importe de 254,23 euros emitida por Naturgy Iberia, SA e remata pola núm. F/2022/2616 por un importe de 1.340,00 euros emitida por Naturgy Iberia, SA, todas elas en concepto de subministración de gas e gasóleo en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre xaneiro e maio do ano 2022”*

DEBE DICIR:

"A proposta é do seguinte teor literal:

1.- (...)

2.- Relación contable de facturas S/2022/153 expedidas por varias empresas por un importe total de TRECE MIL SEISCENTOS DOCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (13.612,03 €), que comeza pola núm. F/2022/120716 por importe de 254,23 euros emitida por Naturgy Iberia, SA e remata pola núm. F/2022/2616 por un importe de 1.340,00 euros emitida por Naturgy Iberia, SA, todas elas en concepto de subministración de gas e gasóleo en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre xaneiro e maio do ano 2022"

Segundo.- No acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 8 de agosto de 2022,

ONDE DI:

"A proposta é do seguinte teor literal:

1.- (...)

2.- Relación contable de facturas S/2022/135 expedidas por varias empresas por un importe total de TRECE MIL SEISCENTOS DOCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (13.612,03 €), que comeza pola núm. F/2022/120716 por importe de 254,23 euros emitida por Naturgy Iberia, SA e remata pola núm. F/2022/2616 por un importe de 1.340,00 euros emitida por Naturgy Iberia, SA, todas elas en concepto de subministración de gas e gasóleo en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre xaneiro e maio do ano 2022".

DEBE DICIR:

"A proposta é do seguinte teor literal:

1.- (...)

2.- Relación contable de facturas S/2022/153 expedidas por varias empresas por un importe total de TRECE MIL SEISCENTOS DOCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (13.612,03 €), que comeza pola núm. F/2022/120716 por importe de 254,23 euros emitida por Naturgy Iberia, SA e remata pola núm. F/2022/2616 por un importe de 1.340,00 euros emitida por Naturgy Iberia, SA, todas elas en concepto de subministración de gas e gasóleo en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre xaneiro e maio do ano 2022".

8. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: IOI 994/2022.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA DA RELACIÓN DE FACTURAS S/2022/151

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (4.605,80 €) que comeza pola factura número F/2022/1584 por importe de 787,36 euros, e remata pola número F/2022/2802 por importe de 29,67 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre xaneiro e maio de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/130.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas por varias empresas en concepto de servizos de instalación mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes ao período de marzo a xuño do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL UN EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (2.001,63 €), segundo relación contable de facturas S/2022/130 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/1468 por importe de 657,03 euros, emitida pola empresa SERBAFER SERVICIOS INTEGRALES, SL. E

remata pola factura número F/2022/2726 por importe de 1.293,48 euros, expedida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/177.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL, en concepto de servizos de mantemento de sistemas de alarmas e extintores en distintas dependencias municipais correspondentes ao mes de maio de 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (259,22 €), segundo relación contable de facturas S/2022/177 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/2812 por importe de 239,42 euros, e remata pola factura número F/2022/3115, a favor da empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/181.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas por varias empresas en concepto de servizo de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período de marzo a maio de 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATROCENTOS SETENTA E UN EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (471,28 €), segundo relación contable de facturas S/2022/181 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2245 por importe de 138,32 euros emitida pola empresa SCHINDLER, SA, e remata pola número F/2022/2867 por importe de 166,48 euros emitida pola empresa KONE ELEVADORES, SA .

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/136.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por “Neumáticos Pájaro, SL.” en concepto de subministración de pneumáticos para o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao período que abrangue desde o 16 de marzo ao 15 de abril do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SESENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (68,97 €), segundo relación contable de facturas S/2022/136 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/1895 por importe de 50,82 euros e remata pola número F/2022/1896, expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/1595.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de material de recambios para o Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de marzo de 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL SEISCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.668,59 €), segundo facturas F/2022/1595 (por importe de 1.311,64 €) e F/2022/2154 (por importe de 356,95 €), que se achegan no expediente, expedidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/2649 e S/2022/182.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período de abril a do ano 2022, e de cota fixa, termo variable e imposto hidrocarburos correspondente ao período que abrangue desde o 07/04/2022 ao 07/06/2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL SETECENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (3.736,48 €), segundo factura F/2022/2649 expedida pola empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. por importe de 1.090,17 euros en concepto de cota fixa, termo variable e imposto hidrocarburos correspondente ao período que abrangue desde o 07/04/2022 ao 07/06/2022, e relación contable de facturas S/2022/182 expedidas por varias empresas, que comeza pola factura número F/2022/1944 por importe de 2.418,60 euros emitida por Los Ángeles Gas SL. e remata pola número F/2022/2185 por importe de 21,02 emitida por Gas Natural Comercializadora S.A., tal e como consta no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2022/00039226L.

Aprobación da solicitude subvención prevención Umad.

Apróbase a solicitude de subvención por parte do concello de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovida pola Consellería de Sanidade, de acordo coa Orde do 21 de xullo de 2022, publicada no DOG nº 153, do xoves 11 de agosto de 2022, durante o período 2022-2025.

Os orzamentos son os que se detallan a continuación:

1. “NON PASA NADA, PASA ALGO?” 44.500€
2. “MÁIS QUE UN TEITO” 24.500€
3. “EN FAMILIA TODOS CONTAN” 20.000€
4. “ENTRE TODOS” 28.000€
5. “ACTIVA” 25.000€
6. “INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN A POBOACIÓN” 23.000€
7. “MALOS TRAGOS” 28.000€
8. “USO DA INTERNET E TICS” 48.000€
9. “EXPO ITINERANTE CANNABIS – ALCOHOL” 30.000€

Total 271.000€

A solicitude da subvención quedaría desglosada da seguinte maneira:

	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Aportación municipal (38%)	17.163,33€	34.326,67€	34.326,67€	17.163,33€	102.980€
Aportación subvención (62%)	28.003,34€	56.006,66€	56.006,66€	28.003,34€	168.020€
Coste TOTAL proxecto (100%)	45.166,67€	90.333,33€	90.333,33€	45.166,67€	271.000€

16. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: CON/22/2021.

APROBACIÓN E RECOÑECIMENTO DAS OBRIGAS DERIVADAS DA CERTIFICACIÓN FINAL DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DA SALA DE CALDEIRAS EXISTENTE NO PAZO DE RAXOI.

Acordase:

Aprobar, disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de renovación da sala de caldeiras existente no Pazo de Raxoi emitida por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L., por importe de 4.421,20 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

17. COMERCIO. Referencia: 2022/00026473P.

Aprobación dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A coma entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas Bonos Corazón Praza de Abastos.

Apróbase unha addenda ao convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A coma entidade colaboradora para a entrega e distribución das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos “Bonos Corazón Praza de Abastos”, pola que se amplía o período de subvencionabilidade dos gastos ata o 17 de setembro de 2022.

En consecuencia o parágrafo terceiro da cláusula primeira do convenio “Obxecto da colaboración” queda coa seguinte redacción:

“As axudas articularanse a través da modalidade de bonos desconto nas compras de bens e servizos realizados entre o 20 de xullo e o 17 de setembro de 2022”.

A modificación operada a través desta addenda non afecta ao resto de estipulacións do convenio asinado que se manteñen na súa integridade.

18. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2022/00019713X.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Asociación para a Promoción Social e a Inserción Laboral Plataforma Polo Emprego, para o ano 2022

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración, por unha contía de 12.000 euros, asinado entre o Concello de Santiago e a Asociación Para a Promoción Social e a Inserción Laboral Plataforma Polo Emprego, para o ano 2022.

19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00039968W.**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 19 ao 25 de agosto de 2022.

URXENCIAS**20. CONTRATACIÓN. Referencia 2021/00034619Q****Adxudicación do servizo de “Mantemento dos ascensores e salvaescaleiras dos edificios e locais municipais do Concello de Santiago” á empresa ASCENSORES ENOR SL.**

Acórdase:

- Proceder ao reaxuste das anualidades do acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2021, constando a conformidade do adxudicatario e adaptándoas á realidade do contrato, constando a conformidade do adxudicatario e adaptándoa á realidade do contrato do seguinte xeito.

Aplicación orzamentaria	Centro xestor	Importe sen IVE	IVE	SUMA (24 meses)	2022 (3 meses)	2023 (12 meses)	2024 (9 meses)
030 34200 213001	30. Deportes	10.978,42 €	2.305,47 €	13.283,89 €	1.660,49 €	6.641,95 €	4.981,46 €
030 33403 213001	26. Centros Socioculturais	33.933,28 €	7.125,99 €	41.059,27 €	5.132,41 €	20.529,64 €	15.397,23 €
030 32300 213001	22. Educación	31.937,20 €	6.706,81 €	38.644,01 €	4.830,50 €	19.322,01 €	14.491,50 €
030 92000 213003	37. Órganos de Goberno	22.954,86 €	4.820,52 €	27.775,38 €	3.471,92 €	13.887,69 €	10.415,77 €
	TOTAL	99.803,76 €	20.958,79 €	120.762,55 €	15.095,32 €	60.381,28 €	45.285,96 €

- Aprobar o gasto por importe de 120.762,55 euros IVE engadido (Base imponible: 99.803,76 euros máis 21% IVE: 20.958,79 euros) para o financiamento do contrato “*Servizo de mantemento dos ascensores e salvaescaleiras dos edificios e locais municipais do Concello de Santiago*”.

- Adxudicar o servizo de “Mantemento dos ascensores e salvaescaleiras dos edificios e locais municipais do Concello de Santiago” á empresa ASCENSORES ENOR SL, por importe de **44.097,24 euros IVE engadido** (36.444,00 euros máis 21% IVE: 7.653,24 euros), sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.

- Comprometer o gasto de 44.097,24 euros IVE engadido, con cargo as aplicacións que se indican, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Centro xestor	Importe total do contrato con IVE	Anualidade 2022. 3 meses	Anualidade 2023. 12 meses	Anualidade 2024. 9 meses
Deportes	2.468,4 euros	308,55	1.234,2	925,65
Centros Socioculturais	13.576,2 euros	1.697,02	6.788,1	5.091,8
Educación	14.810,4 euros	1.851,3	7.405,2	5.553,9
Órganos de Goberno	13.242,24	1.655,28	6.621,12	4.965,84
TOTAL	44.097,24 euros	5.512,15	22.048,62	16.537,19

21. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia 2022/00029711ª**Aprobación do convenio coa Asociación Médicos del Mundo**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o convenio de colaboración coa asociación Médicos del Mundo. O gasto irá con cargo a partida orzamentaria 020 23103 4800004 do exercicio 2022, por importe de dez mil euros **-10.000,00 €-**

Segundo: Notificar esta resolución ás persoas interesadas.